

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 10**

### **SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 10 DE XULLO DE 2020**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**

Caballero Álvarez Abel  
Abelairas Rodríguez Isaura  
Aguiar Castro Yolanda  
Aneiros Pereira Jaime  
Blanco Iglesias Eugenia Dolores  
Caride Estévez María José  
Espinosa Mangana Elena  
Fernández Pérez José Manuel  
Gomez Días Gorka  
Iglesias González Ana Laura  
Lago Barreiro M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font Carlos  
Losada Alvarez Abel Fermín  
Mejías Sacaluga Ana Maria  
Pardo Espiñeira Francisco Javier  
Rivas González Ángel  
Rodríguez Calviño Patricia  
Rodríguez Rodríguez Nuria  
Silva Rego M.<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

Egerique Mosquera, Teresa  
Gonzalez Castillo, Jesus Marco  
Lopez Roman, Patricia  
Marnotes González, Jose Alfonso

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO**

Mendez Fuentes Oriana  
Pérez Correa Ruben

##### **MEMBRO NON ADSCRITO**

Pérez Igrexas Xabier

#### **NON ASISTEN:**

Rodríguez Díaz Santos Héctor, concelleiro do grupo municipal Socialista.

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dez de xullo do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Rivas González, Rodríguez Calviño e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señores/as concelleiros, iniciamos Pleno do concello, convocatoria extraordinaria e urxente, aos efectos da concesión da Medalla da Cidade e do nomeamento de Vigueses/as Distinguidos. Constatamos quórum presencial en parte e telematicamente noutra parte, abrimos sesión pública virtual sen afluencia pública por razóns de seguridade sanitaria e iniciamos o Pleno.

### **1(91).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinte e seis membros (nove presenciais e dezaseis por control remoto) da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ratificar a urxencia desta sesión plenaria.

**2(92).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 18087/101.  
(REXISTRO PLENO 2484/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 6 de xullo de 2020, a xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, co conforme da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta:

“Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 8 de xullo de 2020, a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, Patricia Rodríguez Calviño, órdea o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión da Medalla da Cidade 2020 ao COLECTIVO SANITARIO en recoñecemento a súa labor e traballo na crise do coronavirus, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

**I. LEXISLACIÓN APLICABLE**

- ✓ Constitución Española de 1978
- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia
- ✓ Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- ✓ Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado o 30 de maio de 2016
- ✓ Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981

**II. ANTECEDENTES**

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- No seu artigo 7, o dito Regulamento establece como distinción a Medalla da Cidade e o seu artigo 3 establece que se poderá propoñer aos candidatos/as por mor de moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de Concelleiros e Concelleiras igual á maioría absoluta.

CUARTO.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 30.05.2016, establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

QUINTO.- Con data 8 de xullo de 2020 celebrouse Xunta de Voceiros co obxecto de evacuar o trámite de consulta previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, comunicándose a proposta de conceder a Medalla da Cidade 2020 ao COLECTIVO SANITARIO en recoñecemento a súa labor e traballo na crise do coronavirus.

### III. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

#### A) MARCO LEGAL

PRIMEIRO.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.

SEGUNDO.- Neste marco legal, no ano 1985 apróbase a Lei Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.

TERCEIRO.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

CUARTO.- Pola súa parte, o artigo 190 da citada disposición sinala que os Concellos, Diputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares poderán acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruírá ao efecto.

QUINTO.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.

SEXTO.- O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que “os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinarase en Regulamento especial”.

SÉTIMO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo. No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla de Vigo) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

OCTAVO.- Con data 30.05.2016 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno, que no seu artigo 28.4 establece como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

NOVENO.- Con data 8 de xullo de 2020 celebrouse unha Xunta de Voceiros extraordinaria co obxecto de tratar como único punto na orde do día a concesión das distincións de Vigueses Distinguidos e da Medalla da Cidade, dando cumprimento así ao preceptuado no dito artigo 28.4 do Regulamento de Organización do Pleno da Corporación.

## B) MOTIVACIÓN DA MEDALLA DA CIDADE 2020 AO COLECTIVO SANITARIO.

Na instrución de servizo de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente figura motivación suficiente dos méritos e cualidades que concorren na concesión da Medalla da Cidade 2020 ao COLECTIVO SANITARIO en recoñecemento a súa labor e traballo na crise do coronavirus.

A proposta recoñece o papel do persoal sanitario que atendeu aos afectados durante a pandemia de enfermidade provocada polo coronavirus e que traballou de forma exemplar, cun gran sentido da responsabilidade, gran dedicación e dando o mellor de se mesmos.

Foron meses de moito traballo, moi intensos e con moita dedicación. Tiveron que tomar decisións, moitas decisión en pouco tempo, resolver situacións novas nas que non se tiña experiencia.

Cada día era unha longa xornada con moitas incertidumes e sentimentos de impotencia, responsabilidade, compromiso, medo, resignación, desconcerto, esperanza...pero por riba de todos estes sentimentos encontrados sempre estiveron presentes o compromiso e a responsabilidade de cuidar a toda a cidadanía.

### C) INCIDENCIA ECONÓMICA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para o galardoado/a, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

### IV. COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo, a proposta da Concellería delegada de Xestión Municipal, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación: art. 127 da Lei 7/85, art. 25.2 a) da Lei 7/85, resolucións do Alcalde de 18/06/2019 e 26/06/2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20/06/2019,

### V. PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia, contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elévase ao órgano competente o seguinte informe proposta,

De seguido a funcionaria informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

### DEBATE:

PRESIDENCIA: A proposta desta presidencia que sexa ao “colectivo sanitario” polo seu comportamento e tratamento da pandemia na cidade de Vigo, moito mais alá

da súa propia obriga profesional, co risco das súas vidas en moitos casos e polo tanto, propoño que se conceda a Medalla da Cidade ao “colectivo sanitario”.  
Se parece procedemos á votación.

**VOTACIÓN:** Por unanimidade dos vinte e seis membros (nove presenciais e dezasete por control remoto) da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión da Medalla da Cidade 2020 ao COLECTIVO SANITARIO en recoñecemento a súa labor e traballo na crise do coronavirus, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren na entidade proposta e que se conteñen na parte expositiva deste informe-proposta.

**SEGUNDO.-** “Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

**3(93).- NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 18088/101 (REXISTRO PLENO 2485/1101)**

**ANTECEDENTES.-** Con data 9 de xullo de 2020, a xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, co conforme da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta:

“Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 8 de xullo de 2020, a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, Patricia Rodríguez Calviño, órdea o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidos 2020”, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

## I. LEXISLACIÓN APLICABLE

- ✓ Constitución Española de 1978
- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia
- ✓ Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- ✓ Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado o 30 de maio de 2016
- ✓ Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981

## II. ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- En aplicación do artigo 5.3. do Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo plenario de 29 de setembro de 1981, a Comisión de goberno do 14 de marzo de 1988 (actualmente Xunta de Goberno Local), aprobou a institucionalización do nomeamento de “Vigués Distinguido” para galardoar “á persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares e mesmo, nalgúns casos, persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría.

CUARTO.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 30.05.2016, establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.



QUINTO.- Con data 8 de xullo de 2020 celebrouse Xunta de Voceiros co obxecto de evacuar o trámite de consulta aos grupos políticos con representación no Pleno, previsto no Regulamento Orgánico do, realizándose a proposta que se contén no expediente de referencia.

### III. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

#### A) MARCO LEGAL

PRIMEIRO.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.

SEGUNDO.- Neste marco legal, no ano 1985 apróbase a Lei Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.

TERCEIRO.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

CUARTO.- Pola súa parte, o artigo 190 da citada disposición sinala que os Concellos, Diputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares poderán acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruíra ao efecto.

QUINTO.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.

SEXTO: O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que “os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinarase en Regulamento especial”.

SÉTIMO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo. No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla de Vigo) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

OCTAVO.- Con data 30.05.2016 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno, que no seu artigo 28.4 establece como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

NOVENO.- Con data 8 de xullo de 2020 celebrouse unha Xunta de Voceiros extraordinaria co obxecto de tratar como único punto na orde do día a concesión das distincións de Viguesas e Vigueses Distinguidos e da Medalla da Cidade, dando cumprimento así ao preceptuado no dito artigo 28.4 do Regulamento de Organización do Pleno da Corporación.

#### B) MOTIVACIÓN PARA OUTORGAR A DISTINCIÓN.

Na instrución de servizo de data de sinatura electrónica 8 de xullo de 2020 incorporada ao expediente figura motivación suficiente dos méritos e cualidades que, a xuízo dos proponentes, concorren nos candidatos e candidatas ao galardón, no xeito que deseguido se indica:

#### 1.- JULIO CÉSAR PICATOSTE BOBILLO, VIGUÉS DISTINGUIDO POLO SEU LABOR COMO MAXISTRADO

Maxistrado xubilado. Natural de Betanzos (1947). Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, ingresa na Carreira Xudicial en 1978. Académico de número da Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. Profesor asociado na Universidade de Vigo e tamén profesor en varios cursos de postgrado da Universidade de Santiago de Compostela.

Coordinador de obras colectivas de Dereito Procesal e autor de varios dos seus capítulos, ademais de intervir en outros libros colectivos.

#### 2.- ELISA CARLOTA CORREDERA LLAUGER, VIGUESA DISTINGUIDA POLA SÚA PROMOCIÓN Á CIDADE DE VIGO E O SEU TRABALLO COMO PERIODISTA.

Carlota Corredera é presentadora, directora, colaboradora de televisión e periodista viguesa. Licenciada en periodismo pola Universidade de Santiago de Compostela, na actualidade é líder da televisión en España e en Europa e ama a Vigo con locura.

Sempre expresa o namorada que está da cidade que a viu nacer e por estas declaracións espontáneas, nadas da máis absoluta admiración e feitas desde o respecto, converteuse nunha das súas mellores embaixadoras.

#### 3.- IVÁN ÁLVAREZ FAGINAS, AXENTE ANTIDISTURBIOS DA UNIDADE DE INTERVENCIÓN POLICIAL (UIP), VIGUÉS DISTINGUIDO POLO SEU TRABALLO EN DEFENSA DA CARTA MAGNA NOS ACTOS EN CATALUÑA.

Iván Álvarez Faginas naceu en Vigo e criouse no barrio de Coia. Con 26 años ingresou no Corpo da Policía Nacional. Quen o coñece destaca que a súa gran virtude é a de ser un auténtico home de equipo.

Recoñecemento a súa heroicidade polo seu traballo en Cataluña e defensa da Constitución Española.

#### 4.- CLUB PEÑA TREVINCA, VIGUÉS DISTINGUIDO POLOS MÁIS DE 75 ANOS ADICADOS AO MONTAÑISMO

Reunidos uns cantos afeccionados á montaña, pensaron na posibilidade de organizar unha sociedade que agrupase aos montañeiros e esquiadores dispersos por Galicia. En abril de 1944 vería a luz o Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia, da man de Gonzalo Gurriarán, o seu fundador. No 2019 celebraron os seus 75 anos.

O club conta na actualidade con actividades deportivas de montañismo, sendeirismo, escalada, espeleoloxía e esquí e ademais con actividades de carácter lúdico e cultural.

#### 5.- ALEJANDRO GÓMEZ CABRAL, VIGUÉS DISTINGUIDO EN RECOÑECIMENTO A SÚA CONTRIBUCIÓN AO ATLETISMO.

O “Galgo de Zamáns” está considerado como un dos grandes do atletismo, especialmente en probas de fondo e campo a través. Ten en vigor o récord de cinco trunfos consecutivos no cros galego, pero foi olímpico en Seúl, Barcelona e Atlanta e participou en outras tantas citas mundiais. O seu maior logro a nivel internacional foi un subcampeonato de Europa de cros en 1995 en Alnwich.

Un talento único para o deporte, una personalidade extraordinaria na vida. Nunca perdeu unha ocasión para demostralo ni tan sequera no duro trance polo que atravesas nestes intre e que pon a proba a súa entereza.

#### 6.- SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI, VIGUESA DISTINGUIDA POLA SÚA AXUDA HUMANITARIA AO POBO SAHARAUI.

A finalidade de SOGAPS é mellorar as condicións de vida tanto dos refuxiados saharauis como da poboación residente no Sáhara Occidental.

O seu obxectivo é dar resposta as necesidades de planificación e avance na xestión e execución da axuda humanitaria dirixida aos refuxiados saharauis

Entra as actividades propulsadas desde SOGAPS destaa o desenvolvemento dun programa de Acollemento Familiar Temporal ( Vacacións en Paz).

## 7.- CORPO DA POLICÍA NACIONAL, AUTONÓMICA E LOCAL, A GARDA CIVIL E PROTECCIÓN CIVIL, VIGUÉS DISTINGUIDO POLO SEU TRABALLO NA LOITA CONTRA A PANDEMIA.

A función máis visible da policía nacional, autonómica, local, da Garda Civil e dos membros de Protección Civil foi a de facer cumprir as restricións de movemento para garantir o confinamento e a seguridade en espazos públicos como a rede de transportes. Pero o seu traballo foi máis aló da vixilancia en rúas, camiños fronteiras e infraestruturas.

Podemos sentirnos orgullosos dos homes e mulleres que forman o colectivo da Policía Nacional, Autonómica, Local, Guardia Civil e de Protección Civil polos servizos humanitarios levados a cabo durante o confinamento.

Sen dúbida un traballo discreto, moitas veces imperceptible pero sen o cal sería imposible avanzar no combate contra a pandemia.

## EIDO EDUCATIVO, POLOS MAIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE OU POLAS SÚAS CIRCUNSTANCIA SINGULARES

### 8.- CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL SALADINO CORTIZO.

O CEE Saladino Cortizo é o centro público de educación especial de Vigo, que forma a alumnado con necesidades educativas especiais. Aprenden a convivir, a valerse por si mesmos a pesar da súas dificultades e a formarse humanamente. Conta cun grupo de docentes, excelentes profesionais, que fan máis fácil o día a día desta comunidade educativa.

### 9.- CEIP SANTA MARIÑA.

O CEIP Santa Mariña é un colexio pequeno e familiar, cun proxecto educativo baseado na comunicación e colaboración de todos os membros da comunidade educativa.

Fomentan dende o colexio a participación do seu alumnado en actividades que potencien as súas capacidades e espírito crítico, nas que deban compartir e coordinarse cos seus compañeiros, sempre dende a tolerancia e colaboración entre eles.

### 10.- CEIP VALLE - INCLÁN

É un centro con un amplo patio, cheo de zonas verdes, árbores froiteiras, e unha horta.

Como centro educativo teñen a crenza de que o alumnado é único, diferente e que existen diferentes capacidades, aptitudes e xeitos de aprender; non só respectan esas diferenzas, senón que entenden que a diversidade enriqueceos. Son un centro inclusivo e no que todas as actividades son de todo xénero; pulan pola igualdade e a liberdade de pensamento.

#### 11.- CEIP O SELLO.1.-

O seu ideario queda reflectido no Proxecto Educativo de Centro, potenciando unha relación máis próxima, afectiva e colaboradora con toda a comunidade educativa, axudando de xeito moi positivo ao desenvolvemento integral do alumnado.

O centro segue unha liña de traballo na procura de accións que axuden a manter un centro dinámico, flexible e receptivo, innovando e mellorando a práctica docente

#### 12.- CEIP SÁRDOMA-MOLEDO.

O CEIP Sárdoma-Moledo traballan na formación integral do alumnado.

O profesorado está moi implicado á hora de crear un clima agradable e traballa para que o alumnado sexa cívico, creativo e solidario.

#### 13.- CEIP PARAIXAL.

Promoven a tolerancia e o diálogo, defendendo unha escola aberta e pluralista, educando ao alumnado na liberdade, no respecto ás diferenzas entre os pobos e as persoas. Propoñen unha escola baseada na coeducación coa igualdade entre os sexos, tentando eliminar as diferenciacións nos roles, tanto do alumnado coma do profesorado.

#### 14.- CEIP PLURILINGÜE JAVIER SENSAT.

Un centro multicultural, integrador e aberto que traballa na formación integral do alumnado.

Loitan pola igualdade, tentan fomentar no alumnado espírito crítico animándoo a valorar o que se fai ben e a buscar alternativas para o que se fai mal.

#### 15.- CEIP IGREXA-CANDEÁN.

Pretenden crear unha escola aberta, dinámica e plural, onde todo o profesorado do centro siga unha liña común e o Departamento de Orientación teña gran importancia.

Buscan o crecemento integral do alumnado, enfatizando moito a educación emocional e favorecendo actitudes solidarias, cooperativas, ecolóxicas e de convivencia.

#### 16.- CEIP A PAZ-TINTUREIRA.

Este centro inspíranse nos valores da convivencia, a participación e a responsabilidade de toda a comunidade educativa. O seu labor apóiase nunha relación fluída e cordial entre o profesorado, o alumnado e as súas familias

#### 17.- CEIP EMILIA PARDO BAZÁN (CHOUZO).

O seu proxecto educativo salienta a promoción de cidadáns libres e solidarios facendo ao alumnado protagonista da súa propia educación. Xira ao redor dos valores da convivencia, a participación e a cooperación de todos os implicados.

Valora que todo o alumnado desenvolva as competencias básicas que o permitan encamiñar cara ao logro dunha formación integral, tanto na súa vertente persoal coma nas demandas sociais e culturais, para que faciliten a continuación dos estudos e, posteriormente, a inclusión na vida laboral, pero sempre coa asunción da necesidade de aprender ao longo de toda a vida.

#### 18.- COLEXIO SAN FERMÍN.

O obxectivo xeral do centro é formar integralmente ao alumnado, dando tanta importancia ao estritamente académico como aos valores humanos necesarios para unha convivencia harmónica nunha sociedade democrática e multicultural. Para acadar estes obxectivos, consideran importante tanto a implicación en proxectos escolares como na aplicación das novas tecnoloxías da información no proceso de aprendizaxe.

#### 19.- COLEXIO ATALAYA CANTABRIA.

A actividade do centro está presidida polo respecto aos dereitos e liberdades individuais, baseada na tolerancia e principios democráticos de convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación e a paz.

#### 20.- COLEXIO POSSUMUS.

O proxecto educativo deste centro está baseado na formación integral dos alumnos, potenciando as capacidades e destrezas propias de cada unha das etapas educativas e atendendo dun xeito especial aos nenos/as que presentan máis dificultades na aprendizaxe e na integración.

#### 21.- IES SANTO TOMÉ DE FREIXEIRO.

Inicialmente era un instituto só feminino, baixo a denominación de Instituto Nacional de Bachillerato Femenino "Nuestra Señora de la Guía", en 1981, transformouse en Instituto Mixto adoptando como nome o da parroquia viguesa de Freixeiro na que está situado.

O equipo docente preocúpase por aspectos como a atención e orientación individualizada e grupal, técnicas de estudo, habilidades e competencias sociais, orientación académica e talleres de diferentes temáticas: redes sociais, acoso escolar, convivencia, igualdade...etc.

## 22.- O CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL VALENTÍN PAZ ANDRADE.

Durante os máis de 50 anos ao servizo da formación profesional intenta ser un foco de aprendizaxe para todo o entorno económico, social e laboral da cidade e a súa área de influencia, facendo da formación unha peza clave para a inserción laboral das persoas, facilitando tanto o acceso ao primeiro emprego como a formación ás persoas que necesitan adaptarse as novas ofertas do mercado.

## 23.- CENTRO PÚBLICO DE ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO E BACHARELATO CASTELAO

O I.E.S. Castelao é un centro público que imparte en réxime ordinario a Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O) e dúas modalidades de bacharelato. Tamén conta con estudos para persoas adultas.

Os docentes están comprometidos cos dereitos, valores e ideais democráticos organizando as actividades educativas e de convivencia baseándose nos principios de igualdade, solidariedade, tolerancia e pluralidade. Promoven a participación na xestión e na vida do centro de todos os sectores implicados nesta.

### C) INCIDENCIA ECONÓMICA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

### D) COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto

2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo, a proposta da Concellería de Xestión Municipal, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación: art. 127 da Lei 7/85, art. 25.2 a) da Lei 7/85, resolucións do Alcalde de 18/06/2019 e 26/06/2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20/06/2019,

#### IV.- PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía - Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano competente a seguinte proposta ,

De seguido a funcionaria informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

#### DEBATE:

PRESIDENCIA: A proposta da presidencia é que sexan vigueses Distinguidos: Julio César Picatoste Bobillo, Elisa Carlota Corredera Llauger, Iván Álvarez Faginas, Atletismo club Peña Trevinca, Alejandro Gómez Cabral, Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, Policía Nacional, Autonómica e Local, Garda Civil e Protección Civil, despois un compartido para centros educativos con 50 anos ou máis de permanencia na cidade, serían: Saladino Cortizo, Santa Mariña, Valle Inclán, O Sello, Sárdoma-Moledo, Paraixal, Javier Sensat, Igrexa-Candeán, A Paz-Tintureira, Emilia Pardo Bazán (Chouzo), San Fermín, Atalaya Cantabria, Possumus, IES de Santo Tomé de Freixeiro, Centro Integrado de Formación Profesional Valentín Paz Andrade e Centro de Ensino Secundario Castelao, conxuntamente como colectivo educativo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Unha cuestión de orde Sr. Alcalde, e é expresar en primeiro lugar e en nome do Bloque Nacionalista Galego e ao respecto do carácter das



proposta que veñen a este pleno quería que explicase a presidencia a razón pola que a proposta do BNG de Vigueses Distinguidos ao Grupo de Apoio ao Colectivo “La Insurgencia” é a única proposta que non se inclúe na proposta.

PRESIDENCIA: Nós temos unha norma neste Pleno e que se fai o nomeamento con respecto á proporcionalidade aos grupos do Pleno. Neste pleno hai grupo Socialista, Popular e Grupo Mixto, hai un concelleiro non adscrito que non forma parte de ningún grupo, polo tanto, unha persoa singular, e coa afiliación política que queira ter, pero non é parte de ningún grupo, é un concelleiro non adscrito, polo tanto, seguimos o nomeación tradicional que sempre se fixo neste Pleno.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Sería a primeira vez que abandono este Pleno, se non se inclúe a proposta de Nomeamento de Vigueses Distinguidos.

PRESIDENCIA: Primeiro, deciden os Plenos democraticamente, os que se ausentan dos Plenos son malos servidores da democracia.

Polo tanto someto a votación das propostas que acabo de facer.

*(No momento da votación atópase ausente o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas)*

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, adóptase o seguinte

## ACORDO:

PRIMEIRO. “Aprobar a concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidos 2020”, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, ás persoas e entidades que se conteñen na parte expositiva do informe, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren nos candidatas e candidatos propostos seguintes:

### 1.- JULIO CÉSAR PICATOSTE BOBILLO, VIGUÉS DISTINGUIDO POLO SEU LABOR COMO MAXISTRADO

Maxistrado xubilado. Natural de Betanzos (1947). Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, ingresa na Carreira Xudicial en 1978. Académico de número da Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. Profesor asociado na Universidade de Vigo e tamén profesor en varios cursos de postgrado da Universidade de Santiago de Compostela. Coordinador de obras colectivas de Dereito Procesal e autor de varios dos seus capítulos, ademais de intervir en outros libros colectivos.

### 2.- ELISA CARLOTA CORREDERA LLAUGER, VIGUESA DISTINGUIDA POLA SÚA PROMOCIÓN Á CIDADE DE VIGO E O SEU TRABALLO COMO PERIODISTA.

Carlota Corredera é presentadora, directora, colaboradora de televisión e periodista viguesa. Licenciada en periodismo pola Universidade de Santiago de Compostela, na actualidade é líder da televisión en España e en Europa e ama a Vigo con locura.

Sempre expresa o namorada que está da cidade que a viu nacer e por estas declaracións espontáneas, nadas da máis absoluta admiración e feitas desde o respecto, converteuse nunha das súas mellores embaixadoras.

### 3.- IVÁN ÁLVAREZ FAGINAS, AXENTE ANTIDISTURBIOS DA UNIDADE DE INTERVENCIÓN POLICIAL (UIP), VIGUÉS DISTINGUIDO POLO SEU TRABALLO EN DEFENSA DA CARTA MAGNA NOS ACTOS EN CATALUÑA.

Iván Álvarez Faginas naceu en Vigo e criouse no barrio de Coia. Con 26 anos ingresou no Corpo da Policía Nacional. Quen o coñece destaca que a súa gran virtude é a de ser un auténtico home de equipo.

Recoñecemento a súa heroicidade polo seu traballo en Cataluña e defensa da Constitución Española.

### 4.- CLUB PEÑA TREVINCA, VIGUÉS DISTINGUIDO POLOS MÁIS DE 75 ANOS ADICADOS AO MONTAÑISMO

Reunidos uns cantos afeccionados á montaña, pensaron na posibilidade de organizar unha sociedade que agrupase aos montañeiros e esquiadores dispersos

por Galicia. En abril de 1944 vería a luz o Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia, da man de Gonzalo Gurriarán, o seu fundador. No 2019 celebraron os seus 75 anos.

O club conta na actualidade con actividades deportivas de montañismo, sendeirismo, escalada, espeleoloxía e esquí e ademais con actividades de carácter lúdico e cultural.

#### 5.- ALEJANDRO GÓMEZ CABRAL, VIGUÉS DISTINGUIDO EN RECOÑECEMENTO A SÚA CONTRIBUCIÓN AO ATLETISMO.

O “Galgo de Zamáns” está considerado como un dos grandes do atletismo, especialmente en probas de fondo e campo a través. Ten en vigor o récord de cinco trunfos consecutivos no cros galego, pero foi olímpico en Seúl, Barcelona e Atlanta e participou en outras tantas citas mundiais. O seu maior logro a nivel internacional foi un subcampeonato de Europa de cros en 1995 en Alnwich.

Un talento único para o deporte, una personalidade extraordinaria na vida. Nunca perdeu unha ocasión para demostralo ni tan sequera no duro trance polo que atravesaba nestes intreiros e que pon a proba a súa entereza.

#### 6.- SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ, VIGUESA DISTINGUIDA POLA SÚA AXUDA HUMANITARIA AO POBO SAHARAUÍ.

A finalidade de SOGAPS é mellorar as condicións de vida tanto dos refuxiados saharauís como da poboación residente no Sáhara Occidental.

O seu obxectivo é dar resposta as necesidades de planificación e avance na xestión e execución da axuda humanitaria dirixida aos refuxiados saharauís.

Entra as actividades propulsadas desde SOGAPS destáase o desenvolvemento dun programa de Acollemento Familiar Temporal ( Vacacións en Paz).

#### 7.- CORPO DA POLICÍA NACIONAL, AUTONÓMICA E LOCAL, A GARDA CIVIL E PROTECCIÓN CIVIL, VIGUÉS DISTINGUIDO POLO SEU TRABALLO NA LOITA CONTRA A PANDEMIA.

A función máis visible da policía nacional, autonómica, local, da Garda Civil e dos membros de Protección Civil foi a de facer cumprir as restricións de movemento para garantir o confinamento e a seguridade en espazos públicos como a rede de transportes. Pero o seu traballo foi máis aló da vixilancia en rúas, camiños, fronteiras e infraestruturas.

Podemos sentirnos orgullosos dos homes e mulleres que forman o colectivo da Policía Nacional, Autonómica, Local, Guardia Civil e de Protección Civil polos servizos humanitarios levados a cabo durante o confinamento.

Sen dúbida un traballo discreto, moitas veces imperceptible pero sen o cal sería imposible avanzar no combate contra a pandemia.

#### EIDO EDUCATIVO, POLOS MAIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE OU POLAS SÚAS CIRCUNSTANCIA SINGULARES

#### 8.- CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL SALADINO CORTIZO.

O CEE Saladino Cortizo é o centro público de educación especial de Vigo, que forma a alumnado con necesidades educativas especiais . Aprenden a convivir, a valerse por si mesmos a pesar da súas dificultades e a formarse humanamente. Conta cun grupo de docentes, excelentes profesionais, que fan máis fácil o día a día desta comunidade educativa.

#### 9.- CEIP SANTA MARIÑA.

O CEIP Santa Mariña é un colexio pequeno e familiar, cun proxecto educativo baseado na comunicación e colaboración de todos os membros da comunidade educativa.

Fomentan dende o colexio a participación do seu alumnado en actividades que potencien as súas capacidades e espírito crítico, nas que deban compartir e coordinarse cos seus compañeiros, sempre dende a tolerancia e colaboración entre eles.

#### 10.- CEIP VALLE - INCLÁN

É un centro con un amplo patio, cheo de zonas verdes, árbores froiteiras, e unha horta.

Como centro educativo teñen a crenza de que o alumnado é único, diferente e que existen diferentes capacidades, aptitudes e xeitos de aprender; non só respectan esas diferenzas, senón que entenden que a diversidade enriqueceos. Son un centro inclusivo e no que todas as actividades son de todo xénero; pulan pola igualdade e a liberdade de pensamento.

#### 11.- CEIP O SELLO.1.-

O seu ideario queda reflectido no Proxecto Educativo de Centro, potenciando unha relación mais próxima, afectiva e colaboradora con toda a comunidade educativa, axudando de xeito moi positivo ao desenvolvemento integral do alumnado.

#### 12.- CEIP SÁRDOMA-MOLEDO.

O CEIP Sárdoma-Moledo traballan na formación integral do alumnado.

O profesorado está moi implicado á hora de crear un clima agradable e traballa para que o alumnado sexa cívico, creativo e solidario.

#### 13.- CEIP PARAIXAL.

Promoven a tolerancia e o diálogo, defendendo unha escola aberta e pluralista, educando ao alumnado na liberdade, no respecto ás diferenzas entre os pobos e as persoas. Propoñen unha escola baseada na coeducación coa igualdade entre os sexos, tentando eliminar as diferenciacións nos roles, tanto do alumnado coma do profesorado

#### 14.- CEIP PLURILINGÜE JAVIER SENSAT.

Un centro multicultural, integrador e aberto que traballa na formación integral do alumnado.

Loitan pola igualdade, tentan fomentar no alumnado espírito crítico animándoo a valorar o que se fai ben e a buscar alternativas para o que se fai mal.

#### 15.- CEIP IGREXA-CANDEÁN.

Pretenden crear unha escola aberta, dinámica e plural, onde todo o profesorado do centro siga unha liña común e o Departamento de Orientación teña gran importancia

Buscan o crecemento integral do alumnado, enfatizando moito a educación emocional e favorecendo actitudes solidarias, cooperativas, ecolóxicas e de convivencia.

#### 16.- CEIP A PAZ-TINTUREIRA.

Este centro inspíranse nos valores da convivencia, a participación e a responsabilidade de toda a comunidade educativa. O seu labor apóiase nunha relación fluída e cordial entre o profesorado, o alumnado e as súas familias

#### 17.- CEIP EMILIA PARDO BAZÁN (CHOUZO).

O seu proxecto educativo salienta a promoción de cidadáns libres e solidarios facendo ao alumnado protagonista da súa propia educación. Xira ao redor dos valores da convivencia, a participación e a cooperación de todos os implicados.

Valora que todo o alumnado desenvolva as competencias básicas que o permitan encamiñar cara ao logro dunha formación integral, tanto na súa vertente persoal coma nas demandas sociais e culturais, para que faciliten a continuación dos estudos e, posteriormente, a inclusión na vida laboral, pero sempre coa asunción da necesidade de aprender ao longo de toda a vida.

#### 18.- COLEXIO SAN FERMÍN.

O obxectivo xeral do centro é formar integralmente ao alumnado, dando tanta importancia ao estritamente académico como aos valores humanos necesarios para unha convivencia harmónica nunha sociedade democrática e multicultural. Para acadar estes obxectivos, consideran importante tanto a implicación en proxectos escolares como na aplicación das novas tecnoloxías da información no proceso de aprendizaxe.

#### 19.- COLEXIO ATALAYA CANTABRIA.

A actividade do centro está presidida polo respecto aos dereitos e liberdades individuais, baseada na tolerancia e principios democráticos de convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación e a paz.

#### 20.- COLEXIO POSSUMUS.

O proxecto educativo deste centro está baseado na formación integral dos alumnos, potenciando as capacidades e destrezas propias de cada unha das etapas educativas e atendendo dun xeito especial aos nenos/as que presentan máis dificultades na aprendizaxe e na integración.

## 21.- IES SANTO TOMÉ DE FREIXEIRO.

Inicialmente era un instituto só feminino, baixo a denominación de Instituto Nacional de Bachillerato Femenino "Nuestra Señora de la Guía", en 1981, transformouse en Instituto Mixto adoptando como nome o da parroquia viguesa de Freixeiro na que está situado.

O equipo docente preocúpase por aspectos como a atención e orientación individualizada e grupal, técnicas de estudo, habilidades e competencias sociais, orientación académica e talleres de diferentes temáticas: redes sociais, acoso escolar, convivencia, igualdade...etc.

## 22.- O CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL VALENTÍN PAZ ANDRADE.

Durante os máis de 50 anos ao servizo da formación profesional intenta ser un foco de aprendizaxe para todo o entorno económico, social e laboral da cidade e a súa área de influencia, facendo da formación unha peza clave para a inserción laboral das persoas, facilitando tanto o acceso ao primeiro emprego como a formación ás persoas que necesitan adaptarse as novas ofertas do mercado.

## 23.- CENTRO PÚBLICO DE ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO E BACHARELATO CASTELAO.

O I.E.S. Castelao é un centro público que imparte en réxime ordinario a Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O) e dúas modalidades de bacharelato. Tamén conta con estudos para persoas adultas.

Os docentes están comprometidos cos dereitos, valores e ideais democráticos organizando as actividades educativas e de convivencia baseándose nos principios de igualdade, solidariedade, tolerancia e pluralidade. Promoven a participación na xestión e na vida do centro de todos os sectores implicados nesta.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás/ós galardoadas e galardoados e publicar o mesmo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.